

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ORDE do 11 de xullo de 2017 pola que se fai pública a oferta educativa das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia a partir do curso escolar 2017/18.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece a competencia plena desta comunidade autónoma para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, competencias que lle están atribuídas á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos termos que figuran no artigo 2 do Decreto 114/1982, do 1 de setembro, sobre asunción de transferencias en materia educativa, e no artigo 1 do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, DOG do 18 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula as ensinanzas de idiomas que se imparten nas escolas oficiais de idiomas como ensinanzas de réxime especial, sendo un dos principais obxectivos o estudo dos idiomas europeos, así como o das linguas cooficiais do Estado. Esta lei establece nos artigos 59, 60, 61 e 62 que as ensinanzas de idiomas se organizarán en tres niveis: básico, intermedio e avanzado. Así mesmo, o artigo 60.4 da devandita lei, dispón que, de acordo co que establezan as administracións educativas, as escolas oficiais de idiomas poderán impartir cursos para a actualización dos coñecementos de idiomas para a formación do profesorado e doutros colectivos profesionais.

En consonancia co anterior, o Decreto 191/2007, do 20 de setembro, estableceu a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, o Decreto 239/2008, do 25 de setembro, estableceu o currículo do nivel avanzado das ensinanzas de réxime especial de idiomas.

Tendo en conta, ademais, que a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, especifica que a Xunta de Galicia ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego, que é un obxectivo prioritario desta consellería, é pertinente ampliar a oferta educativa, coa creación de novas seccións dependentes das escolas oficiais de idiomas e incluír nela, con carácter gratuíto, cursos de linguaxe administrativa galega, presenciais e en liña e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega.



Polo anteriormente exposto, tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPOÑO:**Artigo único. *Oferta pública das escolas oficiais de idiomas***

1. Facer pública a oferta educativa das escolas oficiais de idiomas a partir do curso escolar 2017/18, segundo os datos que figuran no anexo desta orde.

2. Incluír a oferta de cursos de linguaxe administrativa galega (LAG) e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega (Celga), que terán carácter gratuíto, e que se impartirán nas escolas oficiais de idiomas, de acordo coas directrices que estableza a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízanse as persoas titulares da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Secretaría Xeral de Política Lingüística para adoptar todos os actos e medidas que sexan necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Provincia	Concello	Código centro	Nome do centro	Idiomas
A Coruña	A Coruña	15023132	EOI da Coruña	Alemán Árabe Chinés Español para estranxeiros Francés Galego



Provincia	Concello	Código centro	Nome do centro	Idiomas
				Inglés Italiano Portugués Ruso Xaponés LAG Celga
A Coruña	Arteixo	15023302	Sección de Arteixo IES Manuel Murguía	Inglés
A Coruña	Carballo	—	Sección de Carballo Pazo da Cultura	Alemán Francés Inglés
A Coruña	Cee	15003224	Sección de Cee IES Fernando Blanco	Inglés
A Coruña	Culleredo	15005749	Sección de Culleredo IES Universidade Laboral	Inglés
A Coruña	Melide	15008817	Sección de Melide IES de Melide	Inglés
A Coruña	Ferrol	15026546	EOI Ferrol	Alemán Francés Galego Inglés Italiano Portugués LAG Celga
A Coruña	Cedeira	15026376	Sección de Cedeira IES Punta Candieira	Inglés
A Coruña	As Pontes de García Rodríguez	15021767	Sección das Pontes de García Rodríguez IES Castro da Uz	Inglés
A Coruña	Santiago de Compostela	15032194	EOI de Santiago de Compostela	Alemán Español para estranxeiros Francés Galego Inglés Italiano Portugués LAG Celga
A Coruña	Negreira	15026391	Sección de Negreira IES Xulián Magariños	Inglés
A Coruña	Noia	15010812	Sección de Noia IES Virxe do Mar	Francés Inglés
A Coruña	Ordes	15027782	Sección de Ordes IES Nº1	Inglés
A Coruña	Ribeira	15014568	Sección de Ribeira IES Nº1	Inglés
A Coruña	Santiago de Compostela	15027319	Sección de Santiago IES de Sar	Inglés



Provincia	Concello	Código centro	Nome do centro	Idiomas
Lugo	Lugo	27015955	EOI de Lugo	Alemán Chinés Francés Galego Inglés Italiano Portugués LAG Celga
Lugo	Sarria	27012036	Sección de Sarria IES Gregorio Fernández	Inglés
Lugo	Monforte de Lemos	27016421	EOI de Monforte de Lemos	Alemán Francés Inglés Italiano
Lugo	Chantada	27003151	Sección de Chantada IES Lama das Quendas	Inglés
Lugo	Ribadeo	27020690	EOI de Ribadeo	Alemán Francés Inglés Italiano
Lugo	Viveiro	27020628	EOI de Viveiro	Alemán Francés Inglés Italiano
Lugo	Burela	27013958	Sección de Burela IES Monte Castelo	Inglés
Ourense	Ourense	32016081	EOI de Ourense	Alemán Chinés Francés Galego Inglés Italiano Portugués LAG Celga
Ourense	O Barco de Valdeorras	32001725	Sección do Barco de Valdeorras IES Lauro Olmo	Francés Inglés
Ourense	O Carballiño	32015037	Sección do Carballiño IES Manuel Chamoso Lamas	Inglés
Ourense	Celanova	32016625	Sección de Celanova IES de Celanova	Inglés
Ourense	Ourense	32008941	Sección de Ourense IES Eduardo Blanco Amor	Inglés
Ourense	Ribadavia	32015475	Sección de Ribadavia IES de Ribadavia (Edificio Abrente)	Inglés
Ourense	Verín	32013582	Sección de Verín IES García Barbón	Inglés



Provincia	Concello	Código centro	Nome do centro	Idiomas
Pontevedra	Pontevedra	36018689	EOI de Pontevedra	Alemán Francés Galego Inglés Italiano Portugués LAG Celga
Pontevedra	A Estrada	36002359	Sección da Estrada IES Antón Losada Diéguez	Inglés
Pontevedra	Lalín	36004137	Sección de Lalín IES Ramón M ^a Aller Ulloa	Francés Inglés
Pontevedra	Pontevedra	36006729	Sección de Pontevedra IES Valle Inclán	Inglés
Pontevedra	Vigo	36018941	EOI de Vigo	Alemán Chinés Español para estranxeiros Francés Galego Inglés Italiano Portugués Xaponés LAG Celga
Pontevedra	Cangas	36019475	Sección de Cangas IES de Rodeira	Francés Inglés
Pontevedra	Nigrán	36015184	Sección de Nigrán IES Escolas Proval	Inglés
Pontevedra	Ponteareas	36013692	Sección de Ponteareas IES Val do Tea	Inglés
Pontevedra	Redondela	36016656	Sección de Redondela IES Pedro Florianí	Inglés
Pontevedra	Tui	36009901	Sección de Tui IES San Paio	Francés Inglés Portugués
Pontevedra	Vigo	36011798	Sección de Vigo IES Alexandre Bóveda	Francés Inglés Italiano
Pontevedra	Vilagarcía de Arousa	36024598	EOI de Vilagarcía de Arousa	Alemán Francés Inglés Italiano Portugués

